



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 2
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	home <input type="checkbox"/>	muller <input type="checkbox"/>	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras rexións de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen tñpex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga




2



Proba A1


Vostede traballa no departamento comercial da empresa NOVAenMODA. Despois dun día libre, ao chegar á oficina atopa no contestador a seguinte mensaxe do seu compañeiro de traballo. Logo de escoitala, redacte a **carta** que lle pide. Nela, en **200 palabras**, deberá:

- Presentarse e invitar a persoa que se lle indica ao acto.
- Agradecerlle as xestións efectuadas.
- Describirlle en que vai consistir o acto.
- Propoñerlle ir xuntos e despedirse.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A1 test.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A1 test.

Proba A2

Vostede traballa no Departamento de Cultura e Deporte do seu concello. Navegando pola internet descobre un programa de seguridade viaria que lle parece moi interesante. Por iso, baseándose nesa información, vostede decide redactar un **texto informativo** para lle dar a coñecer o curso á xente nova do seu municipio. No texto, de **200 palabras**, vostede debe:

- Comentar en que consiste e a quen vai dirixido o programa *Agárrate ao asfalto*.
- Explicar de que partes consta o curso.
- Indicar como se pode obter máis información e sinalar que o concello habilitará autobuses para asistir ás clases prácticas.
- Rematar recomendándolle á mocidade facer este curso.

agárrate ao asfalto
curso de seguranza viaria



Agárrate ao asfalto é un curso de seguridade viaria organizado pola Dirección Xeral de Xuventude coa colaboración de distintas institucións. Está destinado á mocidade galega, para que consiga as actitudes e os coñecementos necesarios para unha condución segura.


Consiste en que, dunha maneira amena, as persoas de entre 18 e 35 anos coñezan todos aqueles aspectos relacionados coa seguridade nas estradas, tanto dende o punto de vista teórico coma práctico.

Xa se pode acceder á web www.agarrateaoasfalto.net, onde aparece toda a información e o calendario de desenvolvemento do curso. Os contidos xa están listos e dentro dun par de meses iníciase as xornadas da parte práctica.

A parte teórica desenvólvese vía internet. Cando o usuario queira, pode conectarse a unha plataforma e descubrir as nocións teóricas con animacións, vídeos e consellos. Ao final de cada bloque temático hai un pequeno test para avaliar o aprendido. Todas as dúbidas que xurdan van ser respondidas polos titores a través do correo electrónico. Aquí, ademais de falar de moitas cousas relacionadas coa seguranza viaria, comentaranse os mitos e as crenzas erróneas sobre o mundo do automóbil.


Cando rematen a parte teórica e fagan todos os tests, poderán realizar as prácticas, na data e nos horarios propostos polos titores segundo a dispoñibilidade de prazas.

A parte práctica desenvólvese no Circuito da Pastoriza, na provincia de Lugo. Nela, e durante cinco horas, vanse reproducir as situacións de risco que poden ter lugar na estrada co fin de aprender a evitalas ou a resolvelas do modo máis seguro. Así mesmo, e de xeito dinámico, realizaranse exercicios específicos de freadas e control do vehículo.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A2 exam.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A2 exam.